



**Concello de Montederramo (Ourense)**  
Praza de Montederramo, 28 – 32750 Montederramo  
Tfno.: 988292000 – Fax: 988292071

C.I.F.: P3205000G  
Rexistro EE.LL. nº 01320492

## BANDO

ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
MONTEDERRAMO (OURENSE), FAGO SABER:

Que debido as condicións climáticas deste ano xa se detectaron problemas de seca nos manantiais que abastecen os distintos núcleos de poboación, e se prevé que a escasez aumente no vindeiro mes de agosto, no que, ademais, aumenta a poboación transeúnte.

Para evitar restricións e cortes de suministro é preciso tomar medidas dende este momento no servizo de auga do abastecemento para usos non domésticos, polo que, queda totalmente prohibido o regadío de fincas, xardíns, plantas, terrazas, aceras e outros elementos similares, o lavado de vehículos, e o uso de auga da traída para piscinas, así como calquera outro uso ou abuso que non sexa para fins exclusivamente domésticos.

O que se publica para xeral coñecemento de tódolos usuarios do servizo.

Montederramo, 27 de xullo de 2022.

O ALCALDE

